

## INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS DE PEDRO PASTOR

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 12 de novembro de 2008, ás 20.30 horas, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo, Culleredo), o acto de inauguración dunha exposición de fotografías do fotógrafo cullerdense Pedro Pastor; acto que presidirá o concelleiro de Cultura, Celestino Poza Domínguez.

A exposición permanecerá aberta ao público do 12 ao 30 de novembro de 2008, no seguinte horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

A fotografía non ten estado ausente na programación expositiva das salas municipais de Culleredo. Dende hai algúns anos chega anualmente “Galicia en foco”, do Club de Prensa de Ferrol ou, tamén en varias ocasións, o Premio de fotografía “Luis Ksado” da Deputación da Coruña. Por Culleredo ten pasado a “World Life, National Geographic”, a exposición “Revela”, e outras colectivas.

E téñense ofertado exposicións individuais de fotógrafos como Manuel Lemos, Manuel Blanco Ventureira, Luis Iglesias Núñez, Ana García, Luis López *Gabú*, Alexandra Fernández ou a célebre fotógrafa italiana Leticia Battaglia.

Logo de contar, na pasada exposición, coa obra do fotógrafo Carlos Lorenzo, a Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” abre as súas portas ás fotografías do cullerdense Pedro Pastor. Nacido no Burgo, ten tras de si unha longa traxectoria como fotógrafo profesional.

Pedro Pastor, que ten realizado reportaxes fotográficos sobre O Caurel ou a Fundación Barrié, entre outros, únese a unha xa longa nómina de artistas, de diversas especialidades, con estreitos vínculos con Culleredo.

Esperamos que as persoas que se acheguen á Sala disfruten con esta exposición.

### **Datos biográficos**

Pastor García Queijas (“Pedro Pastor”) naceu no Burgo (Culleredo) en 1961. En 1977 ingresa na entón chamada Escola de Artes e Oficios (hoxe “Pablo Picasso”) onde empeza os cursos de delineante proxectista. Neste momento, con 17 anos, consegue a súa primeira cámara fotográfica. En 1981 é destinado a Tenerife a cumprir o servizo militar, e exerce como fotógrafo na unidade de servizos do CIR 15. Regresa á Coruña, remata a reválida de Historia da Arte e, na mesma Escola de Artes e Oficios, comeza a especialidade de Fotografía.

Nestes anos coñece a outros fotógrafos locais e expón en SOFOCO (Sociedade Fotográfica Coruñesa). Tamén participa nunha colectiva en Santiago co Colectivo K, formado por alumnos de Artes, e na exposición *Retrato dunha cidade*, na sala Durán Loriga.

Sen rematar a especialidade de fotografía entra a traballar en “Foto Taibo”, onde exerce durante máis de dous anos e coñece a outros destacados profesionais. En 1987 vai traballar a “Foto Real”. Nas xornadas fotográficas de “Aragón 87” chega a ser finalista nos premios “Goya” de fotografía profesional.

No ano 1990 inicia unha nova etapa independente, abrindo o seu estudo de fotografía no Graxal (Cambre). Logo dunha década, no ano 2000 deixa o negocio e, logo de traballar un tempo en “Foto Blanco”, entra no cadro de persoal de “Foto Artús”, permanecendo ata marzo de 2007.

Na actualidade está adicado a actualizar coñecementos profesionais coas novas tecnoloxías.

Recentemente ten realizado dúas exposicións individuais en “Portas Ártabras” (A Coruña) e no Museo Romano de Cambre.

Culleredo, 7 de novembro de 2008.  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez